

DESCARGA DO CERTIFICADO DE MATRÍCULA DENDE ABALAR XUNTA


É necesario acceder dende un ordenador, polo de agora non se pode descargar dende abalar móbil.

Entramos en <https://espazoabalar.edu.xunta.gal/es> e prememos no enlace *Acceso aos servizos*

Para entrar na aplicación temos que ter certificado dixital ou chave 365. Para solicitar a chave 365 acceda a <https://www.xunta.gal/chave365/solicitud>.



Entramos e atopamos o *espazo Familias*, onde está a información de cada estudante:



Prememos en *Ver Alumno*, onde atopamos a seguinte información:



Información

Datos académicos
Pode realizar un seguimento académico do curso actual no que o seu fillo se encontra matriculado, consultando as súas cualificacións por avaliación e as súas faltas de asistencia.

Curso actual
Pode consultar os datos xerais do curso no que está matriculado o seu fillo, como o seu titor ou titora, as súas materias e profesorado, as materias das que está exento ou se ten algún cargo no ámbito escolar.

Escolarización
Pode consultar o histórico de escolarización do seu fillo e ver as súas cualificacións do ano anterior ao actual.

Datos familiares
Pode consultar os datos de contacto dos que dispón a Consellería de Educación. Permiteselle modificar os seus datos se estes están desactualizados.

Servizos complementarios
Pode consultar os datos dos servizos de transporte e comedor do seu fillo.

Faltas de conduta
Pode consultar as faltas de conduta do seu fillo.

Centro
Pode coñecer os datos de contacto do centro onde se encontra matriculado o seu fillo.

Calendario académico
Pode consultar o calendario académico do centro ao que pertence o alumno.

Descargar documentos
Pode obter certificacións da súa situación académica.

Premendo en **Descargar documentos** podemos descargar o **CERTIFICADO DE MATRÍCULA**.

Segundo os enlaces, poderá obter os distintos certificados en formato pdf, firmados dixitalmente. Os certificados emitidos mantéñense no seu buzón de informes durante 30 días e poderá acceder a eles dende esta ligazón ou na icona destinada a tal fin situada na parte superior da pantalla

Descargar documentos

Certificado de matrícula PDF

Temos que premer en **PDF** e así xeramos o documento.

Segundo os enlaces, poderá obter os distintos certificados en formato pdf, firmados dixitalmente. Os certificados emitidos mantéñense no seu buzón de informes durante 30 días e poderá acceder a eles dende esta ligazón ou na icona destinada a tal fin situada na parte superior da pantalla


Descargar documentos

Certificado de matrícula PDF

Descargar documentos
Xerando o certificado...




O certificado descárgase no buzón de informes, non se pode gardar directamente o documento pdf. Por este motivo temos que acceder ao buzón de informes para descargalo.

 O certificado foi xerado correctamente e enviado ao seu buzón de informes. Pode acceder ao buzón de informes premendo [aquí](#) x

Seguindo os enlaces, poderá obter os distintos certificados en formato pdf, firmados dixitalmente. Os certificados emitidos mantéñense no seu buzón de informes durante 30 días e poderá acceder a eles dende esta ligazón ou na icona destinada a tal fin situada na parte superior da pantalla

Descargar documentos

Certificado de matrícula PDF 

Xerado o documento, para descargar o certificado prememos en *aquí*, e lévanos directamente á aplicación *buzón de informes* onde podemos abrir o documento PDF.

Agora si podemos gardalo ou imprimilo.

BuzonInformes





Informes do usuario

Filtro de busca

abalar (1) xade (6)

[Refrescar](#) [Eliminar](#) [ZIP](#) [PDF](#)

Un elemento atopado.

Seleccionar	Descrición	Tipo	Tamaño	Data de petición	Estado	Información	Opcións
<input type="checkbox"/>	Informe de certificación de matrícula		278 KB	17/11/2023 10:04:57	✓ Disponible		  

Un elemento atopado.